

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 29 DE MAIO DO 2025.**

ASISTENTES:

Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE	Interventor: BAO CASTRO PABLO
Membros que asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte e nove de Maio do Dous mil vinte e cinco, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria celebrada na data 21/05/2025

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202505/329 (MS)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 20/05/2025. DECRETO: "Aprobación das bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a cobertura temporal de prazas de CONDUTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA para a prestación do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais no verán 2025."

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202505/330 (MS)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 20/05/2025. DECRETO: "Aprobación das bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a cobertura temporal de prazas coa categoría de XEFE DE BRIGADA E DE PEÓN DE BRIGADA para a prestación do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais no verán 2025"



4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202505/388

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 23/05/2025. DECRETO: “ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DO ESPECTÁCULO-MONÓLOGO “A POR EL BOTE” DA ARTISTA EVA Y QUÉ”

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202505/389

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 23/05/2025. DECRETO: “ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DO ESPECTÁCULO-MONÓLOGO “OUTRA MOVIDA” DO ARTISTA OSWALDO DIGÓN”

6.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Raquel Díaz Petrovich

Visto o escrito presentado por **Raquel Díaz Petrovich**, de data 26/05/2025 (Rexistro de entrada nº 11.990), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Patacas - 3,00 m. x 1.50 m.), durante a Festa da Xuventude de Aguiño.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Raquel Díaz Petrovich** para a instalación dun posto de venda ambulante (Patacas - 3,00 m. x 1.50 m.), durante a Festa da Xuventude de Aguiño.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Beatriz Gómez Costa

Visto o escrito presentado por **Beatriz Gómez Costa**, de data 26/05/2025 (Rexistro de entrada nº 11.991), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante durante a Festa da Xuventude de Aguiño.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Beatriz Gómez Costa** para a instalación dun posto de venda ambulante durante a Festa da Xuventude de Aguiño.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).



- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- LICENZA DE ACTIVIDADE (INICIO) - The Logistic Box Premium, S.L.

TOMA DE COÑECEMENTO E PRESTAR CONFORMIDADE AO INICIO DE ACTIVIDADE.

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: TRANSPORTE DE MENSAJERÍA E RECADERÍA, (epígrafe IAE 849.5).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Mazá.

REFª CATASTRAL: 0721001NH0102S0037PB.

SITUACIÓN: Avda García Bayón, nº. 1, 1ºB, Ribeira.

PROMOTOR/A: THE LOGISTIC BOX PREMIUM, S.L., (B-56972284).

DOCUMENTACIÓN INICIO DE ACTIVIDADE: PROXECTO DE ACTIVIDADE E ADECUACIÓN DE LOCAL PARA DESTINARLO A SERVICIOS DE MENSAJERÍA visado polo COETICOR de día 7 de maio de 2024/ANEXO AO PROXECTO DE ACTIVIDADE E ADECUACIÓN DE LOCAL PARA DESTINARLO A SERVICIOS DE MENSAJERÍA visado polo COETICOR de día 11 de decembro de 2024 / Certificado de Dirección de Obra visado polo COETICOR de día 12 de setembro de 2024 / Consta póliza de seguro de RC de referencia MS-G-119.000.229 (22-03-2024) / Consta declaración responsable da promotora ao respecto da xestión efectuada cos RCDs xerados, neste caso asimilables a residuos municipais (restos de papel e cartón, e envases), mescrito de data 28 de novembro de 2024.

VISTA a Comunicación previa para o inicio de actividade presentada por Dña. Ana Outeiral Martínez en representación da entidade THE LOGISTIC BOX PREMIUM S.L., (B-56972284) para exercer a actividade de TRANSPORTE DE MENSAJERÍA E RECADERÍA, (epígrafe IAE 849.5) en instalacións sitas no Avda García Bayón, nº 1, 1ºB, Ribeira, con refª catastral nº 0721001NH0102S0037PB

CONSIDERANDO que de acordo coa Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, e da documentación obrante no expediente

VISTO o informe emitido polo arquitecto técnico municipal o día **28 de abril de 2025**

VISTO o informe emitido polo técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **14 de maio de 2025** e

VISTO o informe do secretario xeral da Corporación de data **15 de maio de 2025,**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,



A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e prestar conformidade ao inicio da actividade presentada pola entidade THE LOGISTIC BOX PREMIUM S.L. para exercer a acitividade de TRANSPORTE DE MENSAXERÍA E RECADERÍA, (epígrafe IAE 849.5) en instalacións sitas no Avda García Bayón, n.º 1, 1ºB, Ribeira, con refª catastral nº 0721001NH0102S0037PB.

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8069 03.04.2025 COMUNIDAD VECINOS RÚA PARDO BAZÁN,4, renovación de cuberta e aplicación de sate na fachada, na rúa Emilia Pardo Bazán, 4, Ribeira.



10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

11524 07.05.2024 FUNDACIÓN AMICOS, peche de finca con malla de torsión simple plastificada e postes de aceiro, no lugar de Brañal, 17-B, Palmeira.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6147 14.03.2025 MARÍA DEL CARMEN VILAS CASAIS (Asesoría Beny García), reparación de fachada con sistema sate, na rúa Cristóbal Colón, 33, Ribeira.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9515 23.04.2025 JUAN LEMA OUVIÑA, lavar e pintar a fachada da vivenda, no lugar da Eirexa, 8, Olveira.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6832 24.03.2025 FERNANDO LACACI BATRES, cambio de fiestras, na rúa Mendiño, 1-3º izqda. Ribeira.

*Asímesmo, no informe técnico emitido en data 19/05/2025 polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, sinala que:

“As carpinterías deberán manter as características esenciais das actuais, mantendo tipoloxía, material, despece e cor, para manter unha imaxe unitaria á edificación.”

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:



7024 25.03.2025 COMUNIDAD PROPIETARIOS URBN. O GRAO, BLOQUE A, pintado de fachadas, na rúa Carolo, 16, Palmeira.

15.- LICENZA MUNICIPAL para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA. PROMOTOR: PAULINO FOLGAR TORRES. LUGAR: AREEIROS, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA.

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR**, no lugar de **AREEIROS, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA**, da que é promotor **D. PAULINO FOLGAR TORRES**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de **día 24 de abril de 2025**, así como o informe do **secretario xeral** da Corporación de data **20 de maio de 2025**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO: - CONCEDER a D. PAULINO FOLGAR TORRES licenza urbanística (Nº 22/25) para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, no lugar de AREEIROS, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA.

- *Previo ao inicio das obras deberase contar coa aprobación municipal do proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico de referencia. No dito proxecto de execución comprobarase que se xustifican todas as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade segundo require o art.349 do RLSG.*
- *Deberá axustarse a todas as determinacións establecidas no informe do arquitecto municipal de data 20 de abril de 2025*

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO. - A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- Acta de recepción de edificio terminado.*



- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de eficiencia enerxética.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.



-Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

-Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO: - Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO. - Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO. - Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO. - O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO. - Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.



16.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA. LUGAR: LUGAR DE GRAÑA POLÍGONO 23 PARCELA 355 COUSO, RIBEIRA. 15960. PROMOTOR: ALBERTO LOJO DIOS

VISTA a solicitude de **licenza urbanística** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA, LUGAR DE GRAÑA Polígono 23 Parcela 355 COUSO, RIBEIRA. 15960**, da que é promotor **D. ALBERTO LOJO DIOS**.

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **21 de maio de 2025**.

VISTO o **informe** emitido polo **Secretario Xeral de Corporación** con data **21 de maio de 2025**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D. ALBERTO LOJO DIOS** licenza de obra maior (**Nº 23/25**) para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA, LUGAR DE GRAÑA Polígono 23 Parcela 355 COUSO . RIBEIRA. 15960**.

-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde co preceptivo visado colexial.

-Deberá adaptarse ás determinacións impostas polo arquitecto municipal no seu informe de data 21 de maio de 2025.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a preceptiva Comunicación previa de primeira ocupación, segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a Lei 2/2016, do solo de Galicia, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

-Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.

-Acta de recepción de edificio terminado.



- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a validación da Comunicación previa de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.



- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Notifícalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.



17.- LICENZA MUNICIPAL para REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE. LUGAR: PRAZA DE COMPOSTELA, Nº 1, RIBEIRA. PROMOTOR: LUIS DIDIO FERNÁNDEZ SIEIRA

VISTA a solicitude de licenza urbanística para REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE, no lugar de PRAZA DE COMPOSTELA, Nº 1, RIBEIRA da que é promotor D.LUIS DIDIO FERNÁNDEZ SIEIRA

VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal o día 12 de maio de 2025

VISTO o informe do secretario xeral da Corporación de data 15 de maio de 2025,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a D. LUIS DIDIO FERNÁNDEZ SIEIRA licenza urbanística (Nº24/25) para REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE, no lugar de PRAZA DE COMPOSTELA, Nº 1, RIBEIRA, debendorá cumprir coas determinacións contidas

1.-no Proxecto básico e de execución de rehabilitación redactado pola arquitecta Dona Lía Lijo Solla, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 14 de marzo de 2025, co número de visado 2501150,2, e presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 202500006799 o día 23 de marzo de 2025 polo arquitecto municipal no seu informe de data 12 de maio de 202,

2.-na Memoria descriptiva modificada, redactada pola arquitecta Dona Lía Lijo Solla, visada no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 07 de maio de 2025, co número de visado 2501150,3, e presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 202500010512 o día 7 de maio de 2025

3.-no informe emitido polo arquitecto municipal o día 12 de maio de 2025

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO. - A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho,



coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado

QUINTO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou



foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

DÉCIMO PRIMEIRO:-NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

18.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE SOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE MARTÍN, PARAMOS, RIBEIRA. PROMOTOR: DANIEL POSE PÉREZ

VISTA a solicitude de licenza urbanística de obra maior **-PROXECTO DE EXECUCIÓN-** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR COMPOSTA DE SOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, no lugar de **MARTÍN, PARAMOS, RIBEIRA**, da que é promotor **D. Daniel Pose Pérez**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital o día **24 de febreiro de 2025**.

VISTO o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento



de Urbanismo de data **25 de febreiro de 2025**, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

VISTO o **informe** emitido con data **26 de febreiro de 2025** polo **secretario xeral da Corporación** ao abeiro do disposto no artigo art. 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional

Considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 47/24, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 19 de decembro de 2024 a D. Daniel Pose Pérez, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 17 de febreiro de 2025 redactado por D. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto col. nº 4.169), así como do Oficio de Dirección de Obra e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 17 de febreiro de 2025 e do Oficio de Execución Material visado polo polos Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 18 de febreiro de 2025

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- Acta de recepción de edificio terminado.*
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- Certificado de Eficiencia Enerxética.*
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar*



o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realízase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros



producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

19.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Jesús Martínez San Luis

Visto o escrito presentado por **Jesús Martínez San Luis**, de data 20/05/2025 (Rexistro de entrada nº 11.599), no que solicita certificación urbanística en relación ao inmovible con refª catastral nº 0927903NH0102N00041A e sito na Rúa Noro, nº 2 -1º B, Ribeira.



Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 20/05/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 0927903NH0102N00041A e sito na Rúa Noro, nº 2 -1º B, Ribeira.

20.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA - Francisco Piñeiro Ayaso

Visto o escrito presentado por **Francisco Piñeiro Ayaso**, de data 06/05/2025 (Rexistro de entrada nº 10.370), no que solicita certificación urbanística en relación ao inmovible con refª catastral nº 0911105NH0101S0004Z e sito na Rúa Carqueixa, nº 5, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 23/05/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 0911105NH0101S0004Z e sito na Rúa Carqueixa, nº 5, Ribeira.

21.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Antonio Gómez Blanco

Visto o escrito presentado por **Antonio Gómez Blanco**, de data 07/04/2025 (Rexistro de entrada nº 8.266), no que solicita certificación urbanística en relación ao inmovible con refª catastral nº 0927102NH0102N0001PI e sito na Rúa Ínsua, nº 3, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 23/05/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 0927102NH0102N0001PI e sito na Rúa Ínsua, nº 3, Ribeira.

22.- VAO PERMANENTE – Dionisio Petrovich Costa

Visto o escrito presentado por **Dionisio Petrovich Costa**, de data 19/05/2025 (Rexistro de entrada nº 11.454), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe situado en lugar de Fieiteira, finca nº 737 (Ribeira).



A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 26/05/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Dionisio Petrovich Costa**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe situado en lugar de Fieiteira, finca nº 737 (Ribeira), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela enfronte do vao, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

23.- DACIÓN DE CONTA COMUNICACIÓN XESTIÓN AUTORIZACIÓN PORTOS DE GALICIA VIAMARE 2025 - Asociación de Empresarios de Ribeira

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito presentado pola Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva María Betanzos Fernández, de data 20/05/2025, no que comunica que a Asociación de Empresarios de Ribeira, como entidade organizadora da “Feira Viamare Stock 2025”, será quen solicite ante Portos de Galicia a ocupación temporal do espazo no Malecón de Ribeira para a celebración dita feira.

24.- CONCESIÓN LICENZA PARA ARMAS TIPO CARABINA - Juan Manuel Castro Gude

VISTA a solicitude presentada por **D. Juan Manuel Castro Gude**, DNI 52457452H, e domicilio en avda da Coruña, 70 P03 D - Ribeira (A Coruña) para a obtención de licencia de “arma tipo carabina” das características que se relacionan a continuación.

CONSIDERANDO que o **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas (RA)** define no seu artigo 2.2 as armas de aire ou outro gas comprimido como aquelas armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

CONSIDERANDO que conforme ao **artigo 3** as armas para as que solícitase licenza no presente expediente considéranse de **4ª categoría**, podéndose englobar nun dos supostos seguintes (concretamente no 2º):

« 1. Carabinas e pistolas, de tiro semiautomático e de repetición; e revólveres de dobre acción, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.

2. Carabinas e pistolas, de ánima lisa ou rayada, e dun só tiro, e revólveres de acción simple, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas».

CONSIDERANDO que pola súa banda, o **artigo 54.3 RA** determina que:

«As armas da categoría 4.ª poderanse adquirir e ter no propio domicilio, sen outro trámite que a declaración da venda, a clase de armas e os datos de identidade do adquirente ao Alcalde do



municipio da residencia deste e á Intervención de Armas da Garda Civil».

CONSIDERANDO que ademais do anterior, o **105 RA** fala das **tarxetas de armas**. Concretamente establece que:

«1. Para poder levar e usar as armas da categoría 4.ª fóra do domicilio haberán de estar documentadas singularmente, mediante tarxetas de armas, que as acompañarán en todo caso.

As tarxetas de armas serán concedidas e retiradas, no seu caso, polos Alcaldes dos municipios en que se atopen avecindados ou residindo os solicitantes, previa consideración da conduta e antecedentes dos mesmos.

O seu validez quedará limitada aos respectivos términos municipais.

2. As armas incluídas na **categoría 4.ª, 2**, pódense documentar en número ilimitado con **tarxeta B**, cuxa validez será permanente.

Das comprendidas na **categoría 4.ª, 1**, soamente poderanse documentar seis armas con **tarxetas A** cuxa validez será de cinco anos.

3. No entanto, a autoridade municipal poderá limitar ou reducir, tanto o número de armas que pode posuír cada interesado como o tempo de validez das tarxetas, tendo en conta as circunstancias locais e persoais que concorran.

4. Os solicitantes da tarxeta A deberán acreditar cumprir catorce anos de idade, a cuxo efecto haberán de presentar documento nacional de identidade ou documentos equivalentes en vigor.

5. A tarxeta de armas se expedirá en impreso, que confeccionará a Dirección Xeral da Garda Civil. En cada impreso poderanse apuntar ata seis armas. Cando se trate de tarxetas B e o número de armas exceda de seis, o interesado poderá ser titular de máis dunha tarxeta.

6. Do impreso destinarase un exemplar ao interesado; o segundo será remitido pola Alcaldía á Intervención de Armas.

ACREDITADO que no expediente consta, ademais da tarxeta de identificación do interesado, certificado favorable de antecedentes penais de data 19 de maio de 2025, exame psicotécnico de data 20 de maio de 2025, así como factura da carabina para a que solicita licenza.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por Delegación da Alcaldía, **ACORDA** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Conceder a **D. Juan Manuel Castro Gude**, licenza para a arma carabina, **tipo 4.1**, que se relaciona a continuación:

“Pistola Colt 1911 metal bicolor CO2. Marca: Colt. Calibre: 4,5 mm. Categoría 4.1 (Nº SERIE: 23C010060)”

Segundo:-Notificalo presente acordo ó interesado para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:-Comunicar ó presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil, ós efectos previstos no artigo 54.3 do Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Reglamento de Armas.



25.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Raul Santos Sampedro (BAR PORTO)

VISTO o escrito presentado por **Raúl Santos Sampedro** en representación establecimiento “Bar Porto” (Aguiño), de data 20/05/2025 (Rexistro de entrada nº 11.644), no que solicita permiso para evento musical no establecimiento hostaleiro “Bar Porto” (Aguiño), o día 07/06/2025, en horario de 22:30 h. a 00:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Raúl Santos Sampedro**, para evento musical **no interior** do establecimiento hostaleiro “Bar Porto” (Aguiño), o día 07/06/2025, en horario de **22:30 h. a 00:00 h.**

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Porto” (Aguiño) (**Raúl Santos Sampedro**), **deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo*



amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

26.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María Dolores Saiñas Cadabal (TABERNA DO ARGENTINO)

VISTO o escrito presentado por **María Dolores Saiñas Cadabal** en representación establecemento “Taberna do Argentino” (Carreira), de data 21/05/2025 (Rexistro de entrada nº 11.693), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Taberna do Argentino” (Carreira), o día 08/06/2025, en horario de 13:00 h. a 15:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **María Dolores Saiñas Cadabal**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Taberna do Argentino” (Carreira), o día 08/06/2025, en horario de **13:00 h. a 15:00 h.**

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante,



representante ou promotor/a de “Taberna do Argentino” (Carreira) (**María Dolores Saíñas Cadabal**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:



- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

27.- SOLICITUDE COLABORACIÓN MUNICIPAL NA PROCESIÓN DA GUÍA (CARREIRA) - Ricardo Villaverde

Visto o escrito presentado por Víctor Reiriz Lampón en representación de **Ricardo Villaverde**, de data 19/05/2025 (Rexistro de entrada nº 11.392, no que solicita autorización para a celebración da procesión da Guía o día 07/06/2025, a partir das 20:00 h., así como a colaboración municipal coa presenza da Policía Local e protección Civil.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da procesión da Guía o día 07/06/2025, a partir das 20:00 h.
- Antes do inicio da celebración deberán poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar o horario e percorrido da procesión.
- Prestar a colaboración municipal coa presenza da Policía Local e protección Civil para o bo desenvolvemento da mesma.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e Protección Civil para o seu coñecemento.

28.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN BANDOLEIRAS PUBLICITARIAS EN DIFERENTES PUNTOS DO CONCELLO - Alejandro Oujo Ramallo

Visto o escrito presentado por **Alejandro Oujo Ramallo**, de data 21/05/2025 (Rexistro de entrada nº 11.740), no que solicita autorización para a instalación de bandoleiras publicitarias da súa empresa durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2025, en diferentes puntos do Concello de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Non autorizar** a instalación de bandoleiras publicitarias da súa empresa durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2025, en diferentes puntos do Concello de



Ribeira, xa que, consultada esta petición á Policía Local, se comunica que está completamente prohibido como norma xeral ao tratarse dunha empresa privada, e non dun evento festivo xeral, de interese público, ...

- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

29.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN EVENTO MUSICAL "COROSO BEACH PARTY" - Espectáculos A Cantaruxa

Visto o escrito presentado por David Sampedro González en representación de **Espectáculos A Cantaruxa, S.L.**, de data 20/05/2025 (Rexistro de entrada nº 11.564), no que solicita autorización para a celebración dun evento musical denominado "Coroso Beach Party", o día 27/06/2025, na explanada municipal de Coroso (Aparcadoiro do pabillón de pádel); asímesmo, solicita colaboración municipal (Instalación de sinalización viaria, Policía Local, reforzo de contedores RSU e limpeza viaria para o día 28/06/2025).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presents, **acorda**:

- **NON AUTORIZAR** a celebración dun evento musical denominado "Coroso Beach Party", o día 27/06/2025, na explanada municipal de Coroso (Aparcadoiro do pabillón de pádel), por mor a que non se autoriza a ocupación de espazo público para actividades comerciais privadas.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

30.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN EVENTO DE FIN DE TEMPADA DO CLUB DE FÚTBOL CIDADE DE RIBEIRA – Cidade de Ribeira Club de Fútbol

Visto o escrito presentado por Ramón Silverio Martínez Becerra en representación de **Cidade de Ribeira Club de Fútbol**, de data 23/05/2025 (Rexistro de entrada nº 11.899), no que solicita autorización para a celebración dun evento de fin de tempada do Club de Fútbol Cidade de Ribeira (Xestionado por Espectáculos A Cantaruxa), o día 14/06/2025 desde as 18:00 h., na explanada do estacionamento da Complexo Deportivo de A Fieiteira (Ribeira), con instalación de inchables, Disco Móbil e postos de comida; asímesmo, solicita colaboración municipal (valado portátil/cinta para pechar o perímetro, instalación de sinalización viaria, Policía Local, toma de electricidade, alomenos 2 WCs portátiles, e reforzo de contedores RSU e limpeza viaria para o día 15/06/2025).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presents, **acorda**:

- **Autorizar** a celebración dun evento de fin de tempada do Club de Fútbol Cidade de Ribeira, o día 14/06/2025 desde as 18:00 h., na explanada do estacionamento da Complexo Deportivo de A Fieiteira (Ribeira), con instalación de inchables, Disco Móbil e postos de comida.
- **Prestar a colaboración municipal** con reforzo de contedores RSU.
- **Deberán** gardar as debidas medidas de seguridade para todos os participantes no evento e estar en posesión da obrigada póliza de responsabilidade civil ao día.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



31.- ACHEGA CONCEDIDA Á ENTIDADE LICEO MARÍTIMO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Brício, de data 21/05/2025, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Liceo Marítimo, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento do proxecto “Abertos á Comunidade”, durante o ano 2024.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 21/05/2025.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e Liceo Marítimo, co obxecto de regular o apoio económico para o desenvolvemento do proxecto “Abertos á Comunidade”, durante o ano 2024.

32.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE USO DO POLIDEPORTIVO ALCALDE TORRES COLOMER AO CLUB NATURAL SPORT VIDELGI, PARA A REALIZACIÓN DO “STAGE DE ALTO NIVEL”

LOGO DE VER que D. José Francisco Agrelo Lema, en representación do Club Natural Sport Videlgi, presenta escrito de data 18/03/2025, con número de rexistro de entrada municipal 6.494, solicitando:

“PARA PODER REALIZAR O STAGE DE ADESTRAMENTO DE LATO NIVEL DRAGAN JOVIC, O CLUBE SOLICITA O USO DO PAVILLON DE PALMEIRA (TORRES COLOMER) OS DIAS 30,31 DE MAYO E O 1 DE XUÑO DE 2025”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
- Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
- O pavillón Alcalde Torres Colomer non ten actividade programada para as datas solicitadas, excepto o venres 30 de maio ata ás 20.00 horas (Escola Municipal de Baloncesto).

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 22-05-25, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 23-05-2025, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:



Autorizar a cesión do polideportivo Alcalde Torres Colomer ao Club Natural Sport Videlgi", para a celebración dun stage de alto nivel "Dragan Jovic", cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais", o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para os días **30, 31 de maio e 1 de xuño ao longo de todo o día (excepto o 30 de maio que poderá ser utilizado a partir das 20.00 horas)**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

33.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DO CAMPIONATO GALEGO DE TRAIÑAS, OS DÍAS 7 E 8 DE XUÑO DE 2025.

LOGO DE VER D. Jesús Silva Vidal, en representación do "Club de Remo Náutico de Ribeira", presenta escrito de data 21-04-2025, con número de rexistro de entrada municipal 9.312, solicitando autorización para realizar o Campionato Galego de Traiñas, os días 7 e 8 de xuño de 2025 no porto de Aguiño. Tamén solicita:

- A presenza da Agrupación Local de Protección Civil do Concello de Ribeira, para prestar asistencia con medios acuáticos (zodiac), nos seguintes días e horarios:
 - Sábado 7 de xuño, de 16.30 a 20.00 horas.
 - Domingo 8 de xuño, de 10.30 a 13.00 horas.
- A presenza dunha patrulla da Policía Local de Ribeira, para regular o acceso dos remolques, autobuses e demais vehículos dos clubs participantes na, súa entrada ao porto de Aguiño no horario indicado.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 22-05-25, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 23-05-2025, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Autorizar a celebración do Campionato Galego de Traiñas ao Club de Remo Náutico de Ribeira cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para os días **7 e 8 de xuño de 2025** nos seguintes horarios:
 - Sábado 7 de xuño, de 16.30 a 20.00 horas.
 - Domingo 8 de xuño, de 10.30 a 13.00 horas.
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- Dar traslado á Policía Local e a Protección Civil dos servizos solicitados para poder levar a cabo a celebración do evento (os extremos da colaboración destes corpos no desenvolvemento da competición, serán acordados en reunión entre os organizadores da proba e os xefes da Policía Local e Protección Civil de Ribeira).
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscibirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).

34.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN TALA DE ÁRBORE - José Lampón Fernández

ASUNTO:	COMUNICACIÓN DE CORTA DE ÁRBORE
PARAXE/LUGAR/PARROQUIA:	ACENTO, A GRAÑA, CARREIRA, RIBEIRA
REF. CATASTRAL:	15074A022004120000KG
EXPEDIENTE:	2025/TMA-000044
SOLICITANTE:	JOSÉ LUIS LOJO GONZÁLEZ EN NOME DE JOSÉ LAMPÓN FERNÁNDEZ
TIPOLOXÍA DO SOLO:	SOLO DE NÚCLEO RURAL

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes



1. ANTECEDENTES

Escrito presentado por José Luis Lojo González (**541**), en nome de José Lampón Fernández (**857**), de data 23 de maio de 2025 (entrada núm. 11.933), mediante o que solicita autorización para a corta dunha árbore na súa finca, de RC 15074A022004120000KG, localizada no lugar de A Graña, Carreira, Ribeira.

Informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 23 de maio de 2025, no que se conclúe que a solicitude non precisa efectuar o trámite de corta (declaración / autorización) ante a administración autonómica competente na materia, a Consellería de Medio Rural; indica a clasificación do solo no que se pretende levar a cabo a acción; e establece unhas condicións para o desenvolvemento dos traballos.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

De conformidade co previsto no artigo 2.2 da *Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia*, o solo onde se prevé realizar a corta (solo de núcleo rural) non ten a consideración de monte ou terreo forestal.

De conformidade co previsto no artigo 6.2.c) do *Decreto 73/2020, do 24 de abril*, non requiren declaración responsable nin autorización administrativa: “c) *Os aproveitamentos forestais en terreos que non teñan a consideración de monte, sen prexuízo da excepción prevista para os terreos de especial protección na Lei 7/2012.*”

3. RESOLUCIÓN

Visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Autorizar a corta da árbore obxecto da solicitude, nas condicións referidas no informe favorable emitido polo Servizo Municipal de Medio Ambiente:

- *Deberán adoptarse as medidas oportunas para garantir a seguridade das persoas e dos bens.*
- *Unha vez finalizados os traballos retiraranse ou trituraranse todos os restos que afecten aos espazos públicos e ás propiedades lindeiras.*
- *Se como consecuencia da execución dos traballos de corta e saca resultase afectado algún camiño de titularidade pública ou servizo, deberá ser reparado ao finalizar as tarefas.*

35.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- M.D.O.P.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 23/05/2025, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **M.D.O.P.**, mediante escrito de data 21/05/2025.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García sampedro, de data 23/5/2025, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:



Conceder a M.D.O.P. unha axuda económica en concepto de:

Renda Social Municipal: 450,00 €/mes

Tarxeta Alimentación VEGALSA EROSKY: 150,00 €/mes

Pago de medicación por tres meses a realizar mediante bonos.

Importe: 450,00 €/mes (2.700,00 € - 6 meses)

Tarxeta 150x 6 meses 900,00 €.

36.- DACIÓN DE CONTA DO CADRO DE VACACIÓNS PARA O ANO 2025 DO PERSOAL MUNICIPAL

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do cadro de vacacións para o ano 2025 do personal municipal presentado pola Técnica de Persoal, Ariana Cajaraville Chacón, de data 26/05/2025.

37.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS Nº 1/25 (CORRECCIÓN DE ERRO). PROMOTOR: JUAN MANUEL SANTAMARÍA NOYA. LUGAR: RÚA DE MURALLA, Nº 57, AGUIÑO, RIBEIRA

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 15/05/2025, pola que se concede licenza de segregación nº 1/25 a Juan Manuel Santamaría Noya, e observado erro na redacción do mesmo.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** que se proceda á subsanación do mesmo, resultado o acordo tal como segue:

VISTO o escrito presentado por Dona Rosa Ana Tubio Piñeiro, con NIF ***780***, en representación de **Don Juan Manuel Santamaría Noya**, con NIF ***507***, no que solicita licenza para a segregación dunha parcela noutras catro na Rúa da Muralla Nº 57, de Aguiño

VISTO o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **6 de maio de 2025**.

VISTO o informe do Secretario Xeral da Corporación (art 3 do RD 128/2018) de data **6 de maio de 2025**.

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL C**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que procede adoptar o seguinte acordo:

-PRIMEIRO:- CONCEDER a Don Juan Manuel Santamaría Noya, licenza (Nº 1/25) para a segregación dunha parcela noutras catro, na Rúa da Muralla Nº 57, de Aguiño, en Ribeira,



según proxecto de segregación de parcela, redactado pola Enxeñeira técnico agrícola Dona Ana Rosa Tubío Piñeiro (*Corrección do acordo adoptado por Xunta de Goberno Local en Sesión de data 6 de febreiro de 2025*).

A continuación inclúese un cadro de cumprimento da normativa indicada no PXOM para estas clasificacións de solo e o seu grado de cumprimento neste proxecto.

Parcela Segregada B – SRC			
Parámetro	PXOM	Proxecto	Observacións
Parcela Mínima	2.000,00 m ²	2.464,00 m ² ≥ 2.000,00 m ²	CUMPRE
Condições de ocupación	Recuado de 5 m a lindeiros	-----	-----
Ocupación máxima na parcela	20 %	-----	-----
Nº de plantas	B + 1	-----	-----
Altura máxima	7,00 m	-----	-----

Parcela Segregada A – SNR-C			
Parámetro	PXOM	Proxecto	Observacións
Parcela Mínima	800,00 m ²	2.834,00 m ² ≥ 800,00 m ²	CUMPRE
Fronte mínimo	10,00 m	77,72 m ≥ 10,00 m	CUMPRE
Condições de ocupación	Recuada dos lindeiros 3 m permitíndose acaroar nos casos en que exista edificación anterior ao PXOM, ou ben previo acordo das partes, exixindo escrito que o acredite	-----	-----
Ocupación máxima na parcela	25 %, ca limitación de 200 m ² por planta.	-----	-----
Edificabilidade máxima	0,35 m ² /m ²	-----	-----
Nº de plantas	B + 1 +BC	-----	-----
Altura de Coroación	4,00 m	-----	-----
Altura máxima	6,50 m	-----	-----

Parcela Segregada A1 – SNR-C			
Parámetro	PXOM	Proxecto	Observacións
Parcela Mínima	800,00 m ²	1.119,00 m ² ≥ 800,00 m ²	CUMPRE
Fronte mínimo	10,00 m	48,44 m ≥ 10,00 m	CUMPRE
Condições de ocupación	Recuada dos lindeiros 3 m permitíndose acaroar nos casos en que exista edificación anterior ao PXOM, ou ben previo acordo das partes, exixindo escrito que o acredite	-----	-----
Ocupación máxima na parcela	25 %, ca limitación de 200 m ² por planta.	-----	-----
Edificabilidade máxima	0,35 m ² /m ²	-----	-----



Nº de plantas	B + 1 +BC	-----	-----
Altura de Coroación	4,00 m	-----	-----
Altura máxima	6,50 m	-----	-----

Parcela Segregada A2 – SNR-C			
Parámetro	PXOM	Proxecto	Observacións
Parcela Mínima	800,00 m ²	884,00 m² ≥ 800,00 m²	CUMPRE
Fronte mínimo	10,00 m	10,36 m ≥ 10,00 m	CUMPRE
Condições de ocupación	Recuada dos lindeiros 3 m permitíndose acaroar nos casos en que exista edificación anterior ao PXOM, ou ben previo acordo das partes, exixindo escrito que o acredite	-----	-----
Ocupación máxima na parcela	25 %, ca limitación de 200 m ² por planta.	-----	-----
Edificabilidade máxima	0,35 m ² /m ²	-----	-----
Nº de plantas	B + 1 +BC	-----	-----
Altura de Coroación	4,00 m	-----	-----
Altura máxima	6,50 m	-----	-----

Parcela Segregada A3 – SNR-C			
Parámetro	PXOM	Proxecto	Observacións
Parcela Mínima	800,00 m ²	831,00 m ² ≥ 800,00 m ²	CUMPRE
Fronte mínimo	10,00 m	18,92 m ≥ 10,00 m	CUMPRE
Condições de ocupación	Recuada dos lindeiros 3 m permitíndose acaroar nos casos en que exista edificación anterior ao PXOM, ou ben previo acordo das partes, exixindo escrito que o acredite	-----	-----
Ocupación máxima na parcela	25 %, ca limitación de 200 m ² por planta.	-----	-----
Edificabilidade máxima	0,35 m ² /m ²	-----	-----
Nº de plantas	B + 1 +BC	-----	-----
Altura de Coroación	4,00 m	-----	-----
Altura máxima	6,50 m	-----	-----

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de



procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

38.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE FEIRA GASTRONÓMICA – Discovery Producciones, S.L.

Vistos os escritos presentados por **Discovery Producciones, S.L.**, de datas 27 e 28/05/2025 (Nº Registros: REGADE25e00045230591 - REGADE25e00045660241), nos que solicita autorización para a celebración dunha Feira Gastronómica do 05 ao 08/06/2025, na **Praza de España** (Ribeira), consistente nunha competición de restaurantes (Food Trucks) coa elaboración de hamburguesas. A montaxe se realizará o 04/06/2025 e a desmontaxe entre os días 08 (noite) e 09 (mañá)/06/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a cesión temporal da Praza de España (Ribeira) para celebración dunha Feira Gastronómica do 05 ao 08/06/2025, consistente nunha competición de restaurantes (Food Trucks) coa elaboración de hamburguesas.
- A montaxe deberá realizarse o 04/06/2025 pola tarde e a desmontaxe entre os días 08 (noite) e 09 (mañá)/06/2025
- Deberán gardar as obrigadas medidas de seguridade para todos os participantes.
- **Deberán proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes do inicio da actividade.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

39.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE USO DO POLIDEPORTIVO A FIEITEIRA AO CLUB BALONMÁN RIBEIRA, PARA A REALIZACIÓN DUN TORNEO INTERESCOLAR DE BALONMÁN

LOGO DE VER que D. Pablo González Fernández, en representación do Club Balonmán Ribeira, presenta escrito de data 30/04/2025, con número de rexistro de entrada municipal 9.918, solicitando:



“CLUB BALONMAN RIBEIRA SOLICITA PABELLÓN POLIDEPORTIVO FIEITEIRA PARA EL DÍA 14/06/2025 EN HORARIOS DE 09:00 A 14:00 Y 16:00 A 20:00. LA ACTIVIDAD A DESARROLLAR SERÍA UN TORNEO INTERESCOLAR DE BALONMANO, EVENTO QUE EL CLUB ORGANIZA CON LA COLABORACIÓN INESTIMABLE DE ESE CONCELLO RESPECTO AL USO DE LAS INSTALACIONES MUNICIPALES. LA PARTICIPACIÓN SE ESTIMA ENTRE 150-200 NIÑOS/AS. ROGAMOS CONFIRMACIÓN A FIN DE PODER AVANZAR EN LA ORGANIZACIÓN Y DAR DIFUSIÓN POR NUESTRA PARTE DEL EVENTO ENTRE LOS CENTROS ESCOLARES DE LA ZONA.”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II O *Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. O pavillón da Fieiteira non ten actividade programada para as datas solicitadas.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 27-05-25, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar a cesión do polideportivo da Fieiteira ao Club Balonmán Ribeira, para a celebración dun torneo interescolar de balonmán, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *“Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o **14 de xuño ao longo de todo o día (de 9.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas)**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).



- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

40.- SOLICITUDE CESIÓN DEPENDENCIAS DO MERCADO MUNICIPAL DE PALMEIRA PARA A CELEBRACIÓN DA "X EDICIÓN DOS CEN DO BARBANZA", OS DÍAS 21 E 22 DE XUÑO DE 2025, EVENTO ORGANIZADO POLO CLUB INTERNATIONAL TREKKERS BARBANZA-SAR

LOGO DE VER que D. Francisco Antonio Alcalde García, en representación da entidade "International Trekkers.", presenta escrito de data 07-04-2025, con número de rexistro de entrada municipal 8371, argumentando:

"DE CARA Á ORGANIZACIÓN DA X EDICIÓN DA ANDAINA ULTRATRAIL "OS 100 DO BARBANZA", SOLICÍTASE AO CONCELLO DE RIBEIRA A DISPOSICIÓN DOS SEGUINTE MEDIOS: DEPENDENCIAS DO MERCADO MUNICIPAL DE PALMEIRA PARA ESTABLECER UN PUNTO DE AVITUALLAMENTO ENTRE AS 01:00 E 14:00 HORAS DO DÍA 22 DE XUÑO"

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *"Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."*
- Consultado o responsable municipal de mercados, argumenta que é viable a cesión dun espazo no "Mercado Municipal de Palmeira" para poder levar a cabo o avituallamento da proba.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 27-05-25, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Se procede, conceder autorización á entidade "International Trekkers.", para utilizar as instalacións do Mercado Municipal de Palmeira como lugar de avituallamento, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o día 22 de xuño de 2025 entre ás 1.00 e as 14.00 horas.
- O solicitante, deberá poñerse en contacto cos responsables do departamento de deportes e mercados, para coordinar a apertura das instalacións, nos días anteriormente sinalados.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se



regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).

- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

41.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DO DÍA DO MEDIOAMBIENTE NO PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE – CEIP O GRUPO

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 28/05/2025, relativa á autorización para a celebración do Día do Medio Ambiente no Parque Periurbano de San Roque, na que expón:

“Que o Colexio “CEIP Plurilingüe O GRUPO” vai a Conmemorar o “DÍA DO MEDIOAMBIENTE” o día xoves 5 de xuño no Parque Periurbano de San Roque en horario de 9:30 h a 14:00 h, por isto, solicitan ao concello na data 28/05/2025:

Autorización para levar a cabo o “DÍA DO MEDIOAMBIENTE” no Parque Periurbano de San Roque. O xoves 5 de xuño accederán a pé ao parque para gozar dun concerto didáctico e dunha merenda co alumnado e as familias na zona do miradoiro.

1.- Uso do espazo e acondicionamento do camiño de acceso ao parque desde Ribeira e uso dos baños que están no exterior do parque.

2.- Un Tschuko monofásico para a actuación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar a celebración do “DÍA DO MEDIOAMBIENTE” no Parque Periurbano de San Roque o día xoves 5 de xuño en horario de 9:30 a 14:00 horas.**
- **Autorizar para que se acondicione o camiño de acceso ao Parque desde a zona dos xulgados. Aínda que debemos indicar que desde Abesadas pódese acceder facilmente a carón do río Pedrín ata o lavadoiro do Parque Periurbano de San Roque**
- **Autorizar o uso dos baños que están no exterior do parque preto da zona do miradoiro.**
- **Indicar que non é posible facilitar o Tschuko monofásico; posto que nesa zona non hai electricidade e deben facer uso dun xenerador que correrá a conta do propio centro educativo.**
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.



- Dar traslado deste acordo ao interesado e á Policía Local de Ribeira para o seu coñecemento.

42.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS E NORMAS DE ADMISIÓN PARA CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN 2025 E NADAL 2025/2026

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 28/05/2025, relativa á aprobación de prezos públicos e normas de admisión para Campamentos de Conciliación do Verán 2025 e Nadal 2025/2026.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, e o Tesoureiro Municipal, Félix Manuel Carrasco del Pozo, de data 28/05/2025.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

- 1.- Aprobar a celebración dos Campamentos de Conciliación de Verán 2025 e Nadal 2025/2026, segundo o contido da citada proposta.
- 2.- Aprobar os prazos de preinscrición e matrícula, segundo o contido da citada proposta.
- 3.- Aprobar a normativa de admisión, segundo o contido da citada proposta.
- 4.- Aprobar os prezos públicos sinalados e da bonificación do 20% na matrícula para os colectivos indicados, a reserva do 10% das prazas para emerxencia social, así como procedemento de realización do pagamento, segundo o contido da citada proposta.

CONCILIACIÓN DO VERÁN 2024 (PREZOS PÚBLICOS):

- Campamento de verán “Xoga con Nós”:
Prezo de Matrícula: Xullo: 85 € - Agosto: 85 € - Xullo e Agosto: 150 €
- Campamento de inglés “Summer Camp”:
Prezo de Matrícula: Xullo: 95 € - Agosto: 95 € - Xullo e Agosto: 170 €
- Campamento urbano:
Prezo de Matrícula: 42 €
- Verán completo:
Xullo e Agosto de “Xoga con Nós” + Campamento urbano: 180 €
Xullo e Agosto de “Summer Camp” + Campamento urbano: 200 €

CONCILIACIÓN NADAL 2024 (PREZOS PÚBLICOS):

- Campamento “Nadal Concilia”:
Prezo de matrícula: 40 €

5.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

43.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN CAMPAÑA “NOITE ABERTA” – Asociación de Empresarios de Ribeira

Visto o escrito presentado por Francisco Manuel Martínez Gude en representación da



Asociación de Empresarios de Ribeira, de data 29/05/2025 (Rexistro de entrada nº 12.299), no que informa da celebración o día 30/05/2025 da campaña “Noite Aberta”, así como dunha actuación itinerante pola tarde, durante hora e media, para dinamizar as rúas de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presents, **acorda**:

- Autorizar a celebración o día 30/05/2025 da campaña “Noite Aberta”, así como a actuación itinerante pola tarde, durante hora e media, para dinamizar as rúas de Ribeira.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

44.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – C. P.Edificio Prelamar

Visto o escrito presentado por Joaquín Gago Fernández en representación da **C. P.Edificio Prelamar**, de data 27/06/2023 (Rexistro de entrada nº 15.787), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 0927903NH0102N, sobre a viabilidade da instalación de rampla na vía pública para acceso ao edificio Prelamar na Rúa Noro Nº2 de Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 29/05/2025, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

VISTA a solicitude de información urbanística para a viabilidade da instalación de rampla na vía pública para acceso ao edificio Prelamar na Rúa Noro Nº2 de Ribeira, acompañada dunha proposta redactada polo arquitecto técnico Don Joaquin Gago Fernandez de xuño de 2023 (en nome da Comunidade de Propietarios do Edificio Prelamar, c/Noro, 2, Ribeira).

VISTO o informe emitido polo secretario xeral da corporación en data 29 de maio de 2025 no que ponse de releve o dereito de todo cidadán gozar dunha vivenda accesible, que ese dereito alcanza a utilizar as dotacións públicas de forma que se favoreza tal accesibilidade, que os poderes públicos deben despregar as políticas necesarias para facer efectivo tal dereito e, finalmente, que se pode impor a realización de axustes razoables para adecuar un edificio ao principio de accesibilidade.

ACREDITADO que:

- 1) Trátase dunha rúa peonil, con tránsito rodado unicamente destinado a acceso aos garaxes do edificio da Comunidade de Propietarios e dos edificios lindeiros.
- 2) É unha rúa en “fondo de saco”, que comunica unicamente mediante unha escaleira peonil co Paseo Marítimo de Coroso, que está situado a un nivel moi inferior á rúa Noro.
- 3) A instalación non interrompería nin o acceso dos usuarios aos garaxes nin o acceso dos servizos básicos (lixo, mantemento ,limpeza) e de emerxencia (ambulancia, policía, bombeiros, etc),
- 4) A instalación non afectaría os servizos urbanísticos soterrados.

A Xunta de Goberno Local, no uso das competencias delegadas pola Alcaldía a través de resolución de 14 de xullo de 2023, **acorda** por unanimidade dos seus membros de dereito:



Primeiro:-Informar favorablemente a petición sobre viabilidade da instalación de rampla na vía pública para acceso ao edificio Prelamar na Rúa Noro Nº2 de Ribeira, acompañada dunha proposta redactada polo arquitecto técnico Don Joaquin Gago Fernandez de xuño de 2023.

Segundo:-A instalación deberá respectar en todo caso a tránsito, así como os servicios básicos e urbanísticos municipais.

Terceiro:- A instalación deberá realizarse con elementos fácilmente desmontables e baixo a supervisión e baixo as condicións que establezan os técnicos municipais.

Cuarto:-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

45.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Micaela dos Santos de la Concepción

Visto o escrito presentado por **Micaela dos Santos de la Concepción**, de data 27/05/2025 (Rexistro de entrada nº 12.085), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira ("Caseta de Parrulos"), na Avenida Rosalía de Castro (Ribeira), os días 30/05/2024 ao 01/06/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a instalación dunha atracción de feira ("Caseta de Parrulos"), na Avenida Rosalía de Castro (Ribeira), os días 30/05/2024 ao 01/06/2025.
- **Antes do inicio da actividade deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes.**
- Antes do inicio da actividade deberá aportar correspondente documentación obrigada e actualizada para a instalación de atraccións de feira, así como a necesaria póliza de seguro de responsabilidade civil.
- No momento de instalar a citada atracción de feira deberá estar en posesión da correspondente documentación obrigada e actualizada para a instalación de atraccións de feira, así como a necesaria póliza de seguro de responsabilidade civil.
- **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

